

EXERCICIOS DETERMINANTES

70

1. Completa cos artigos cando sexa necesario:

O mar,amigo, éche moi escravo.
Este meu home ás veces non ten rexo ningún!
Ser unha persoa discreta sempre foi miña grande ilusión.
O encargado do gardarroupa non sabía que o sombreiro era teu.
.... noso agradecemento nunca vai estar á altura que merece teu labor.
.....miña nai está a falar con vósos tíos.
Sen novidade no posto, meu comandante.
Foron de romaría ao santuario de Santo André de Teixido.

2. Indica por que nestas construcións non se emprega o artigo:

Esta miña filla traballa tanto que non ten tempo para nada.
Nosa Señora da Barca, acúdenos neste transo.
A costureira fíxolles a cada unha súa saia.
Ven onda min, miña meniña!
Déronlle a cada rapaz seu sombreiro.
Meu dito, meu feito.

3. Localiza nos enunciados seguintes as formas demonstrativas con valor especial e di o valor que teñen en cada caso:

Co aquel da romaría non puiden pasar pola túa casa.
Colleu o coelliño con moita aquela.
Non queres que vaia? Daquela non irei.
Paseaba ás doce da noite polo corredor e, nisto, petaron á porta.
Daquela nas industrias non había os avances técnicos de hoxe.
Vaime buscar unha aquela que teño moito frío.
Teño que aquelar este vestido para levalo á festa.

4. Corrixe os erros do demonstrativo que atopes nos seguintes exemplos:

Estos avances tecnolóxicos de hoxe ás veces fracasan.
Aquele outro que me dixeches non ten moito sentido.
Iste que ves aquí é o meu mellor amigo e aquil outro é un veciño.
En esta oficina non hai quen se entenda.
Iste é o meu can.
De ese auga non beberei.

5. Indica os valores especiais que teñen os posesivos nestes enunciados:

Aínda non teñen casa de seu.
O meu é reparar as fiestras, as portas é cousa vosa.
Os nosos marchan mañá para Madrid.
Déixao; agora está ben, está cos seus.
Hoxe vivo ben, pero durante aqueles anos paseiche as miñas.
O Avelino xa terá os seus trinta anos.
Os rapaces xa son listos de seu.
Non deberías conducir que hoxe xa bebiches o teu.
Xa andan os do lado a facer das súas.

6. Pon o artigo diante do posesivo só nos casos onde sexa obrigatorio:

.... meu amigo, a música éche un bo medio de relaxación
.... seu pai non chega ata a vindelra semana.
Fálalles Súa Excelencia.
.... nosos compañeiros foron de excursión.

7. Transforma os enunciados introducindo as formas de posesivo distributivo:

O arquitecto mercou tres cascos de seguridade para cada un dos albanelos que traballan no edificio.
O avó mercou unha chaqueta a cada neto.
Fíxenvos un flan para cada un.
Comprei unha camiseta para as rapazas.

8. Corrixe os posibles erros no uso dos posesivos nos seguintes enunciados:

Os rapaces ían diante noso.
Botou a correr tras meu, pero non me deu pillado.
Cadanseus tiñan unha radio.
O home marchou para súa casa.
Ir ás Bahamas sempre foi miña ilusión.

9. Substitúe o subliñado por unha forma usual do pronome relativo:

Ti nunca fuches capaz de contar a verdade.
Os que queiran ir ver o espectáculo, que paguen entrada.
As persoas que estudan melloran a súa cultura.
Os rapaces que aproben terán o verán libre.
Finxiu que non sabía nada do asunto.
Os executivos, cuios expedientes cómpre analizar, vanse presentar ao exame.

10. Detecta os posibles erros e corríxeos:

Quenes queren ir de excursión a Lugo?
Por qué non andades máis ao xeito?
As persoas cuíos apelidos comece por R poden pasar.
Dime porque os plátanos non teñen croia.
A donde vas, Xaquín?
O lugar en donde quedamos é marabilloso.

11. Enche os ocos cun (ou máis) interrogativo, relativo ou exclamativo:

..... os libros?
O ordenador utilizas xa é vello.
..... son os que veñen?
Ata Vilagarcía hai de camiño?
Foron eles nos sacaron do problema.
É a casa nacín.

12. Escribe en letras os seguintes números e cantidades:

222849 gomas
7º lugar
121.223 libros
723
568

13. Corrixe os erros de numerais:

O primeiro paso xa está dado.
Temos máis de quinientas mil sinaturas recollidas.
Luís e Alberte chegaron en séptimo e octavo lugar, respectivamente.
Dazaseis é o dobre de oito.

14. Distingue as clases de numerais que aparecen nestes exemplos:

- “ Mais quero buscar a morte dando tres pasos adiante, que vivir un século dando un só cara atrás”
- As dúas mozas mercaron unha ducia de bocadillos e un par de refrescos.
- Pagou a metade do que debía.
- Este é un negocio redondo: se me das a metade, eu douche o dobre; se me das un onceavo, eu entrégoche o quíntuplo.

15. Completa coas formas axeitadas:

No ano tres mil entraremos no
Botaron un de pemento este ano.
Despois de cumprir tres anos xa teño un e cando chegue a seis, un
Quedaron en por mor da pneumonía atípica.
Estivemos dez anos, é dicir unha , sen poder viaxar.
Se ti tes cinco e eu cincuenta, eu teño anos máis ca ti.
Deu tres voltas no aire, é dicir, deu un salto.
Comprei no mercado unha de ovos

16. Completa estas os ocos con indefinidos:

- Non lle fagas caso, que ese é un
- Teñoos discos desa cantante een CD.
- Comprei libros que non me van caber no andel do cuarto.
- Por hoxe xa comiches pan, agora é mellor que comas cousas.
- día vaise parecendo un a seu pai.
- Non me traías cousas, mellor dito, non me traías de
- A asociación non ten interese en fomentar a cultura, iso demostrano os exemplares que hai na biblioteca; que tire as súas conclusións e non digo que se sabe.

17. Subliña os determinantes e indica de que tipo son:

Entrou naquela taberna cunha sede incontrolable de vinganza. Afundiú a man non peto para apreixar a súa navalla mentres coa outra man, a esquerda, petaba dúas veces reclamando a atención do pousadeiro. Tamén tiña sede de cervexa. E fame. Cantas horas levaba sen comer? Pasaran tantos meses dende o último xantar quente e familiar...

Ningunha persoa mirou para el e, con todo, sentiu unha certa incomodidade, como se el mesmo fose un anacronismo, como se estivese noutro tempo. Era a 2ª vez que pisaba ese local e tiña, como tivera daquela, o mesmo sentimento de carraxe contra calquera ser vivo. Por esta necesidade de matar que agora lle premia o pulso, estivera xa moitos anos na cadea. Debía controlarse. A que home lle cravaría a navalla en primeiro lugar? Non, quedamos en que debía controlarse. Aínda gozara poucos días de liberdade.